



SUMARIO

Título	Autor	Páxina
Editorial.		3
Que é o Feminismo?	Redacción.	4-5
Pena de Morte.	Ánxeles Bouzó F.	6
À Sociedade do Medo.	Enrédade Radio.	7
Viñeta	Brocolina	8
pablo o bosque e a prisión.	Manolo Pipas.	9
À Fuga do Cárcere Invisible.	Juan Pablo Forti.	10
Colectivo Transeún3.	transeún3.	11
Axudas de Emerxencia Municipais: Por un Procedemento que Garanta os Rosos Dereitos.	Oficina de Dereitos Sociais-Goia	12
Cárceles en llamas. El movimiento de presos sociales en la transición.	Lapsus distribuidora alternativa.	13
À Expansión do Dereito Penal.	Observatorio de Dereitos Humanos, Civiles e Políticos. Asociación de Avogados Novos de Vigo.	14
Os Cartos de Todas para Todas.	ODS-Goia, G.A.S. e Parroquia "Cristo da Victoria" - Goia.	15
Portada e Almanaque.	?	

0.50€ n.º 11

Febreiro-2014

**COLABORA
CONNOSCO!**

aboia.info

revistaaboia@gmail.com

Tirada do número anterior:
202 exemplares.

À boia por Revista À Boia atópase baixo unha Licencia Creative Commons Atribución-NonComercial-CompartirIgual 3.0 Unported.

Locais de distribución:
Café Bizarre (Vigo), Ferriñas (Vigo), Irmandiños (Vigo), De 4 a 4 (Vigo), Mercado da Tía Ni (Sabarís), Café Uff (Vigo), Cova dos ratos (Vigo), Bar Hipólito (Vigo), Tetería Rosalinda (Vigo), Bar Princesa (Vigo), Taberna do Jefe (Gangas), La bolera (Moaña), Rañolas Café (Gondomar), Casa Colorida (Nigrán), LS Faísca (Galvario), CS Fuscalho (À Guarda), Detrás do Marco (Vigo), Edra (Vigo), CS Bou Eva (Vigo), CS Lume (Galvario), Galería Jazz (Vigo).

RECÍCLAME!

EDITORIAL

"O diaño está nos detalles" din os anglosaxóns. Non é dito como unha alarma paralizante ante o porvir, se non para a xente manteña a cautela a hora de afrontar a complexidade. O refrán é fillo dunha cultura pragmática e dunha xente flemática, quizias xa un tanto acomodada. O diaño non é esa cousa grande, vermella inzada en chamuscas que atormenta as "mentes infantís", se non aquela pequena cousa na que os simples non saben reparar. O que non especifica o refrán, e se o diaño vive en esencia nos detalles, ou é que hai xente que sabe agochalo aí para arrastrar á perdición aos que instalados na emerxencia de vivir, non poden deterse flematicamente a diseccionar o mundo que os rodea é, as veces, afoga.

O goberno do PP é un deses trampulleiros que gustan de agochar ao diaño. Un trilerero que sabe agochar a súa ideoloxía nunha verbena de centos de impactos informativos. Un predixitador que coa dereita coloca ante á opinión pública un diaño deses grandes, vermellos e inzados en chamuscas (nomeadamente "a crise", pero tamén os "antiespaña", os "terroristas"...) mentres coa esquerda vai esmagando os dereitos da cidadanía.

Na última momento do proceso de reforma do Código Penal, coma se fose un pequeno detalle sen importancia, Alberto Ruiz-Gallardon introduxo unha modificación ó artigo 188 do Código Penal. Neste artigo é onde se tipifica o "lucro da explotación sexual de outra

persoa, aínda co consentimento da mesma" como proxenitismo (penado coa prisión de 2 a 4 anos, e multas de 12 a 24 meses). **De aprobarse a proposta de Ruiz-Gallardón, que suprime estas liñas, os proxenetes poderán exercer legalmente a explotación económica das persoas maiores de idade.** De aprobarse a lei, a xustiza só poderá actuar contra a explotación económica das mulleres sometidas a "condicións gravosas, desproporcionadas e abusivas", ou que estean nunha "situación de dependencia persoal e económica que lles deixe outra opción alternativa, real ou aceptable".

O detalle no que hai que reparar é que a prohibición do aborto é o único punto do "detallado" programa electoral do PP.

O detalle-diaño é co goberno do PP **as mulleres están deixando de ser suxeito de dereito. Para o PP, o capitalismo e os dogmas relixiosos están por riba do dereito de cada unha das mulleres a decididir sobre o seu corpo.** Para o sistema capitalista e patriarcal o corpo das mulleres é unha mercadoría e unha máquina reproductiva.

Polo dereito de todas: Basta xa de agresións machistas! Abaixo co sistema capitalista e patriarcal !

DEMOCRACIA FRENTE "OS MERCADOS"

MOBILIZAR + CONVERXER + CONSTRUIR

PENSA + ACTÚA + ORGANÍZATE

QUE É O CÁRCERE?

Redacción.

Institución onde se interna ás persoas sentenciadas a través do sistema xurídico a unha privación de liberdade, permanente ou temporal, por non cumprir as leis establecidas polo goberno.

CÓMO XORDE O CÁRCERE?

Nun principio, o concepto cárcere referíase a un lugar de custodia, onde o presos esperaban coñecer ou ver executada a súa condena.

Non será ate a Inglaterra do século XVI cando a prisión se afianza como método para cumprir pena, como foron as Casas de corrección, onde se xuntaban presos xulgados, vagabundos e enfermos mentais, coa finalidade de ser un lugar de rehabilitación cara á sociedade.

"As cárceres evolucionarán centrándose en dous alicerces: a represión dos elementos incómodos para a sociedade e a súa corrección."

A partir dese momento, as cárceres evolucionarán centrándose en dous alicerces: a represión dos elementos incómodos para a sociedade e a súa corrección, basculando de unha a outra segundo os estados decidían facer fincapé.

É UN SISTEMA ÚTIL?

En calquera caso, e aínda que se nos repite unha e outra vez que as cárceres son útiles e serven como lugares de reinserción, o certo é que nunca desenvolveron ese labor:

- O sistema carcerario funciona coma o lugar onde recluír a todas aquelas persoas que son "incómodas" a ollos da sociedade: pobres, enfermas, disidentes políticas,...

- O carcere non funciona como un lugar de inserción social: 1/3 das presas son reincidentes.
- Primase a seguridade e a represión aos dereitos das persoas: o Comité Europeo para a Prevención da Tortura e das Penas ou Tratos Inhumanos ou Degradantes denunciou os malos tratos recibidos por persoas en réxime de incomunicación e reiterou que despois de décadas segue sen resolverse o problema dos abusos da Garda Civil aos acusados de terrorismo.



"Torturas non".

CALES SON OS DATOS DO ESTADO?

No estado español, que ocupa un dos últimos lugares no índice de criminalidade (un 4,94 delitos por cada 100.000 habitantes), é o que máis poboación reclusa ten (73.558 persoas presas, 156 cada 100.000 habitantes), é dicir, vivimos nun réxime que exerce unha importante represión sobre as persoas. Isto demostra tamén que o estado español ten 224.000 policías é dicir 4,86 policías por cada 1.000 habitantes (máis do dobre incluso que USA que ten un 2,29)¹.

Os cárceres albergan aquelas persoas que son "expulsadas" da sociedade (moxidade, migrantes, persoas con trastornos da personalidade, pobres,...), mentres as persoas presas de clase alta teñen un



sistema carcerario VIP. Algúns datos a ter en conta son:

- 6 de cada 10 presas son emigrantes (quen, ademais, non poden acceder a liberdade baixo fianza).
- En 1990 había 33.058 presas e en 2012 había 73.929.
- Máis do 80% están condenados por delitos contra a propiedade ou tráfico de drogas, dato relacionado co nivel de pobreza.
- Segundo Transparencia Internacional España é o segundo país onde máis aumentou a percepción da corrupción política, pero apenas houbo ingreso en prisión. Ademais dende 1982 e 2011 houbo 148 indultos a políticos/as.
- Neste ano 2013 o goberno recibiu a censura da comunidade europea pola violencia policial descontrolada e o Comisario de Dereitos Humanos criticou os brutais recortes en materia de dereitos humanos, pero non hai ningunha persoa responsable detida...

“Son en realidade cárceres encubertos para o control dos migrantes e onde se vulneran os dereitos fundamentais das persoas.”

“OUTRAS” FORMAS DO SISTEMA PENITENCIARIO: CIE E CENTROS DE MENORES

- Un caso á parte do sistema carcerario son os **CIE** (Centros de Internamento

de Estranxeiros) que, a pesar de ser definidos como “establecementos públicos de carácter non penitenciario”, son en realidade cárceres encubertos para o control dos migrantes e onde se vulneran os dereitos fundamentais das persoas, en moitos casos en peores condicións que nos cárceres ao uso.

- Outro dos espazos que son unha extensión do sistema penitenciario son os Centros de menores. Nestes centros, segundo denunciou Amnistía Internacional no ano 2009, prodúcese ataques á intimidade, rexímenes disciplinarios, castigos corporais, illamento forzado, abusos sexuais, contencións físicas abusivas, contencións farmacolóxicas e outras violacións de dereitos humanos.



QUE PODES FAGER TI?

Xustiza non quere dicir castigo! Exclusión social e criminalidade están relacionadas polo que a resposta non debe estar en aumentar a represión, senón en combater as causas da pobreza. O sistema penal debería de contemplar alternativas á privación de liberdade,. Actívatelo! Participa en campañas, denuncia todos os abusos que coñezas, organízate en colectivos que defendan os dereitos das persoas dentro dos diferentes centros de privación de liberdade.

¹ http://www.sup.es/sites/default/files/pdf/modelo_policial_siglo_xxi.pdf

PEÑA DE MORTE.

Ánxeles Bouzó F.

Tortura e pena de morte van xuntas.

O Estado mata friamente, de xeito premeditado, amparándose nunha lexislación como pouco inhumana, que incumpre tratados internacionais e non respecta o dereito fundamental á vida.

“O Estado mata friamente, de xeito premeditado: Ao final de 2012 había a lo menos 23.286 persoas condenadas a morte.”

Estes son algúns dos datos obtidos no informe anual de Amnistía Internacional do 2012:

Tense confirmación de 682 persoas executadas en 21 países neste ano. A maior parte en China, Irán, Irak, Arabia Saudí, Estados Unidos e Iemen. E reiniciáronse en Pakistán, India e Gambia, países que levaban anos sen ter execucións. Con todo non é posible coñecer a cifra exacta de mortes xa que estes datos, en moitos casos, son segredo de Estado ou están agochados.

Ao final de 2012 había a lo menos 23.286 persoas condenadas a morte.

Os métodos usados: decapitación, aforcamento, inxección letal, cadeira eléctrica, fusilamento, lapidación.


Dítanse penas de morte a persoas menores de idade, e con discapacidade mental.

Segue a haber execucións públicas (Irán, Corea do Norte, Arabia Saudí, Somalia).

Na maior parte dos países se condena a morte con procedementos xudiciais que non cumpren as normas internacionais, incluíndo confesións obtidas baixo tortura.

En España, a pesares de que a pena capital foi abolida definitivamente en 1995, aínda se conserva na constitución actual o artigo seguinte:

Art.º 15: “Todos teñen dereito á vida e á integridade física e moral sen que, en ningún caso, poidan ser sometidos a tortura nin a penas ou tratos inhumanos ou degradantes. Queda abolida a pena de morte, salvo o que poidan dispoñer as leis penais militares para tempos de guerra.”



A SOCIEDADE DO MEDO.

Enrédate Radio.

Vivimos nunha sociedade con medo. Medo ao descoñecido, ao de fóra, ao veciño. Os informativos son unha sucesión de historias morbosas sobre roubos, agresións e mortes violentas que conforman unha foto da realidade moi distorsionada. Así que acabamos por entrar na paranoia nacional e pensamos que estamos nun país con gran inseguridade cidadá e que precisamos endurecer as penas que existen xa que así frearase o crime e viviremos con máis paz.

“Somos un dos países europeos con menor índice de criminalidade. En cambio temos as taxas de poboación carceraria máis elevadas.”

Nada máis lonxe da realidade. Somos un dos países europeos con menor índice de criminalidade. En cambio temos as taxas de poboación carceraria máis elevadas. ¿Como é posible? Pois porque ese medo do que falamos fai que sexa una excelente baza política e un bo caladoiro de votos endurecer o noso código penal sen que en moitas ocasións estea realmente xustificado. O resultado: máis persoas presas e con condenas máis longas, superpoboación de reos. Pero non máis recursos nin máis persoal cualificado para a reinserción.

As nosas prisións están nuns niveis de ocupación do 165%, unha masificación que supón, entre moitas cousas, un maior risco de altercados, dificultades para traballar de maneira individualizada cada caso de inserción e peores condicións de habitabilidade.

E seguimos pensando que o noso sistema penal é permisivo e que a vida na cadea é como estar nun hotel a pensión completa con piscina e televisión por cable. E saímos ás rúas, recolleemos firmas e nos

indignamos porque aquí ninguén paga a pena que merece.

A realidade é que só polo feito de ser una persoa privada de liberdade xa te convertes en grupo de risco: risco de ter VIH, tuberculose, hepatite, risco de sufrir una agresión, de caer nas drogas, risco de caer na exclusión social, de sufrir una patoloxía mental. Porque si, no cárcere hai entre tres ou catro veces máis persoas con enfermidade mental que entre a poboación española. Por suposto, sen recursos axeitados.



Así que sigamos tendo medo, endurecendo sen sentido, afastando máis os centros penitenciarios e a súa realidade, aplaudindo cadeas perpetuas revisables e mirando para outro lado cando se denuncian as condicións de vida nas prisións. Cun 60% de reincidencias será que o estamos a facer moi ben agora.

Kunt, a cona filósofa



A Menstruación sinala o
paso á autonomía da nosa
razón reprodutiva

Parvadas!

Vai rañala, Gallardón

<http://brocolina.tumblr.com/>

“pablo o bosque e a prision”

a pablo coñecino hai anos
mentres facia o seu traballo voluntario
polas comunidades e a organización
indíxena zapoteca labrego e carpinteiro
orgullosa da súa cultura e do seu bosque

pablo está preso político
como outros compañeiros
por defender pacificamente o bosque
o ultimo bosque case virxe
das suas apartadas e secas montañas
en oaxaca nese país que chaman México

a pablo visiteino varios anos no penal
falamos mui serios pero tamen fomos
capaces de botar algunhas risas
demasiado lonxe da súa familia
da súa comunidade e do seu bosque

e a consigna dos compañeiros é
os pobos e o bosque non se venden

manolo pipas
marzo 2013





Febreiro

					1 "Inauguración expo cartaces da guerra civil" Bou Eva e Cova dos Ratos.	2
3	4 "A Coia tradicional, dende as súas orixes ata o século XX", con Eduardo Rodríguez, ás 19:30 na Biblioteca Neira Vilas.	5	6 Documental (sobre saúde mental): "Con Etiqueta", e coloquio coa directora Adriana Pérez Villanueva, ás 20:00 na Cova dos Ratos.	7 Recital de Isaac Xubin, ás 20:30 no Bou Eva.	8 Presentación do libro "Punk", de Samuel Solleiro, ás 20:30 no Bou Eva.	9
10	11 "Das leiras aos grandes bloques", con Eduardo Rodríguez e Diego Lores, ás 19:30 na Biblioteca Neira Vilas.	12	13	14 Documental: "4-F.Ni oblit ni perdó", ás 19:30 na Cova dos Ratos.	15	16
17	18 "Do barrio que temos ao barrio que precisamos", con Diego Lores, ás 19:30 na Biblioteca Neira Vilas.	19	20 Documental: "Potas, tixolas e outras solucións", e palestra sobre a "revolución" islandesa, ás 20:00 na Cova dos Ratos.	21	22 Palestra sobre a Renda Básica das Iguais, ás 19:30 no Fuschalho.	23
24	25 Obradoiro infantil: "O barrio, a nosa casa", ás 19:30, na Biblioteca Neira Vilas.	26	27	28		

A FUÇA DO CÁRCERE INVISIBLE.

Juan Pablo Forti.

Os veciños do barrio da Gamonal, en Burgos, loitan corpo a corpo contra a policía para evitar a "humanización" da arteria principal do barrio. Os moradores de burgos; vila na que a especulación foi tan intensa que hoxe é unha das máis caras do estado, cuns ingresos menores a media estatal; están fartos de que as contrutoras Arranz e Mendez, cuxos dirixentes foron procesados por estafas durante o boom inmobiliario, e que controlan ademais medios de comunicación castelán-leoneses, segan a acapar o gasto do concello. Dita "humanización", eliminaría centos de plazas de aparcamento gratuito, aproveitadas con vehículos en dobre fila e sen freo de man, para permitir saír aos da primeira.

Algo similar ocorreu fai unhas semás en Hamburgo. Case mil heridos, entre policías e persoas, con declaración de estado de sitio e toque de queda incluídos. Dez mil manifestantes saíron á rúa para evitar o desaloxo do centro social Rote Flora; ocupado no 1989 e adquirido polo actual propietario no 2003 por 190.000 euros; denunciar a especulación inmobiliaria e xentrificación que están a sufrir outros barrios, as políticas recistas sobre a poboación africana e o despilfarro en obra civil para ricos que realiza a cidade.

"O dereito á violencia é privilexio do estado, mais as veces non hai outra opción que saír do redil, levar golpes."

O dereito á violencia é privilexio do estado, mais as veces non hai outra opción que saír do redil, levar golpes. Ninguén se salva, é cuestión persoal elixir o cómo e o porqué. Mesmo seguindo as consignas impostas, buscando a comodidade, estabrecemos uns valores que antes ou despois se deberá defender. Choven gotas de humanidade, disolvendo os barrotos da Cárcere Invisible.

Cada quen na súa medida desexa e teme ser libre; o mesmo que ser solidario.



O alcalde de Burgos xa está a dar marcha atrás estas obras, os veciños esixen que se paralicen do todo. Non abonda xa de oídos xordos, cargas policiais e estafa a grande escala? Nón é máis simple implementar mecanismos efectivos de participación cidadá? Con ou Sen Revolución, son Necesarios. É cruel arrinconar as persoas ata o punto de machacalas por defender o que consideran inalienable. Dirixentes así non merecen a responsabilidade que asumiron, nin coma Carceleiros Invisibles sequera.



COLECTIVO TRANSEÚN3.

transeún3.

Pasamos as nosas vidas como espectadores: crecendo, consumindo e estudando áreas en relación ao audiovisual. Por isto decidimos formar parte da creación que está a suceder perante nós, comezando o noso proxecto nun país descoñecido. Somos integrantes deses máis de 6 millóns de desempregados, os primeiros segundo a lista de Organización para a Cooperación e Desenvolvemento Económicos. Decidimos mercar un billete a México para inicios de setembro do 2013, onde a través da experiencia sentamos as bases e a dirección a seguir. Partindo da nosa liberdade creativa, orientamos os nosos coñecementos audiovisuais a persoas, colectivos e asociacións que desenvolvan actividades de interese; aproveitando as vantaxes que se poden obter do mundo globalizado no que vivimos.

Os obxectivos:

Propor a ferramenta audiovisual como medio de difusión e xestión cultural.

Establecer conexións coa arte e cultura mexicanas, achegando a súa realidade a

aqueles que sigan a nosa actividade na web (www.transeun3.com)

“Orientamos os nosos coñecementos audiovisuais a persoas, colectivos e asociacións que desenvolvan actividades de interese.”

Plasmar dun xeito independente o noso punto de vista sobre as experiencias vividas ao longo desta viaxe.



<http://www.transeun3.com/>

RAIVA E ODIO.

A verdade é que isto non se trata de vender a pesares de que vaia implícito no proxecto. Por moito DIY que fagas unha cousa, sempre hai cartos e traballo detrás. Pero Verkami deume a oportunidade de saltarme este proceso pra só ocuparme de crear o proxecto alén de gastos que posiblemente non podería soportar. Co apoio da xente acadei o obxectivo proposto e aínda quedan días pra que moitos poidan facerse cunha copia do fozine **Raiva e Odio** no que estou traballando. O número catro. Estou acostumado a só fotografar e a verdade pouco se me ocorre que dicir nun fanzine como A Boia con contidos

moito máis densos e interesantes que unha breve reseña. Sempre dicimos que unha imaxe vale máis que mil palabras pero non deixa de ser por puro morbo. A verdadeira realidade é que as palabras nun papel que poidas soste coas mans van moito máis alá do que un bo porrón de imaxes poida mostrar. O meu proxecto por sorte só son recordos de concertos pasados, de momentos que a poucos lle importan pero que teñen historias detrás que non sei contar con palabras. O millor sempre é vivilas e disfrutalas. Outros serán os que lle poidan por letra a eses momentos. Eu só sei contar esas historias con imaxes.

<http://www.verkami.com/projects/7620-raiva-e-odio-4>

AXUDAS DE EMERXENCIA MUNICIPAIS:

POR UN PROCEDEMENTO QUE GARANTA OS NÓSOS DEREITOS.

Oficina de dereitos sociais - Coia.

A Oficina de Dereitos Sociais de Coia e a Parroquia Cristo da Victoria vimos denunciando dende hai tempo, máis aló da absoluta insuficiencia dos recursos económicos destinados por Concello e Xunta a paliar a grave situación de empobrecemento da cidadanía, o funcionamento arbitrario e inxusto dos Servizos Sociais do Concello de Vigo no tocante ás Axudas de Emerxencia Municipais (AEM), destinadas a persoas ou familias en situación de necesidade social para sufragar gastos persoais, de vivenda, aloxamento, alimentación e atención sanitaria.



As bases reguladoras establecen que as solicitudes se presentarán nas Unidades de Traballo Social (UTS); sen embargo, cando unha persoa se achega á UTS para solicitar unha AEM se atopa cara a cara cun procedemento que non garante os seus dereitos: non se lle permite facer a solicitude por escrito nin obter unha copia selada nin ningún outro tipo de acreditación documental, e, no caso

de que insista en exercer dito dereito, é remitida ao Rexistro do Concello, o que supón unha demora substancial na tramitación da axuda. Ademais, até o de agora as resolucións sobre a concesión ou denegación comunicábanse verbalmente aos solicitantes, e só a presión que exercemos nos últimos meses fixo que a día de hoxe sexa posible acadar por escrito unha resolución denegatoria que antes se presentaba como totalmente inaccesible.

“A opacidade na tramitación das Axudas de Emerxencia Municipal favorece a invisibilización das persoas empobrecidas.”

Sen dúbida, esta opacidade na tramitación das AEM favorece a invisibilización das persoas empobrecidas. Por iso nos parece un tema de extrema gravidade e por iso continuamos a esixir aos responsables políticos unha solución que acabe con esta situación de indefensión da cidadanía. Non pode ser doutro xeito: é a súa obriga establecer xa un protocolo que respecte o procedemento administrativo legal e regulamentariamente establecido, e que, en consecuencia, garanta a posibilidade de presentar por escrito nas UTS as solicitudes das AEM mediante formulario normalizado e conservando unha copia selada, sen que isto supoña demora algunha na tramitación dunha axuda que, por responder a unha situación de emerxencia social, ha de ser inmediata.

CÁRCELES EN LLAMAS. EL MOVIMIENTO DE PRESOS SOCIALES EN LA TRANSICIÓN.

Lapsus distribuidora alternativa.

Cando tras a morte de Franco se abriron as portas das prisións para deixar saír aos opositores políticos á ditadura, ninguén imaxinaba o que viría a seguir. Ante a omisión da súa causa nas medidas de amnistía, os presos comúns subiron aos tellados para reclamar a liberdade e unha mudanza radical do sistema penal e penitenciario.

“Tras a morte de Franco, os presos comúns subiron aos tellados para reclamar a liberdade e unha mudanza radical do sistema penal e penitenciario.”

Á fronte do movemento de presos sociais, a COPEL asinou os manifestos que acompañaron as folgas de fame, autolesións e motíns mediante os que se reivindicaron como vítimas do franquismo. A deriva cada vez máis violenta destas accións, tanto no seu desenvolvemento como na súa resposta governamental, marcou de xeito indelével os anos da Transición. Foi tal a relevancia que adquiriron as protestas e tanta a alarma social que xeraron as imaxes dantescas de prisións esnaquizadas e presos feridos ou mortos, que o goberno viuse empurrado a emprender unha reforma urxente do sistema penitenciario. Un percorrido atravesado por episodios escuros e

zonas de sombra sobre os que esta obra aporta luz e rigor, sen renunciar a un enfoque crítico que cuestiona o discurso hexemónico sobre o proceso que sentou os piares do encerro contemporáneo.

Ficha técnica:

César Lorenzo Rubio, Virus editorial.

Virus editorial, Barcelona 2013.

Rústica 21x 25 cm, 440 páxinas.

24 euros.



**COLABORA
coa Revista**

aboia.info
revistaaboia@gmail.com



A EXPANSIÓN DO DEREITO LEGAL.

Observatorio de Dereitos Humanos, Civiles e Políticos. Asociación de Avogados Novos de Vigo.

Non é casual que o recorte no Estado social vaia acompañado dun incremento da capacidade punitiva do Estado, dunha maior persecución da disidencia política, da protesta social e da pobreza. A reforma do Código Penal impulsada polo Ministro de in-Xustiza Gallardón, supón unha quebra do Estado de Dereito, recentemente debilitado con outras reformas, como as Taxas Xudiciais.



Establécese unha política criminal pensada para protexer o *status quo* da elite económica e política ante o aumento do descontento social por mor da dureza da crise.

Endurécense as penas de moitos delitos, especialmente os mediáticos, a golpe de alarma social. Compre repetir que, segundo datos obxectivos, o Estado español ten un índice de delincuencia moito menor ca media europea, porén o sistema español é o máis duro e carceleiro de Europa. Dende 1979 as persoas recluídas incrementáronse un 750%. Na actualidade hai 159 persoas recluídas por cada 100.000 habitantes -entorno ao 80% por delitos relacionados con drogas e delitos contra o patrimonio, cunha vinculación directa coa exclusión social-. A media europea é de 96 por 100.000 presos. Desde fai 20 anos a delincuencia no Estado español presenta unha liña

descendente.

A reforma do CP impulsada polo goberno é de corte autoritario que busca a dicotomía da sociedade entre os *bos cidadáns* contra os *delinquentes*, instalando o medo, a violencia e a insolidariedade na cidadanía. Mentres a delincuencia de colo branco segue amparada polo seu status social – económico, e a tan afamada “loita contra a corrupción” anunciada na reforma, fica completamente insuficiente.

Coa nova figura da prisión permanente revisable pretendese dar unha idea de maior dureza penal implementando para determinados delitos o cumprimento integro da pena de privación de liberdade durante un tempo mínimo de 25 e 35 anos. Só despois dese período aplicarase o sistema de revisión que permita a posta en liberdade.

“A nova figura da prisión permanente revisable supón unha vulneración flagrante do dereito a reinserción social consagrado na Constitución.”

Esta figura supón unha vulneración flagrante do dereito a reinserción social consagrado na Constitución, así como outros dereitos fundamentais. A permanencia en prisión durante longos períodos de tempo causa nas persoas danos irreversíbeis.

O actual código penal xa permite até un cumprimento efectivo de incluso 25, 30 e incluso 40 anos. Estes límites son moito superiores aos establecidos nos países da nosa contorna nos que existe a prisión permanente revisábel.

Amais desde a perspectiva económica,



difícilmente sería asumible en tempos de recortes a introdución desta figura, empeorando aínda máis a precaria situación que vive no seu conxunto a poboación reclusa.

Introdúcese tamén as medidas de seguraza que prolongarán o control do individuo en liberdade vinculadas con a “perigosidade” da persoa, podendo ser mais graves que as penas impostas.

No que respecta ao conflito social, a ampliación dos delitos sobre desordes públicos, do delito contra atentado á autoridade e a agravación xeralizada de penas deste delitos, afecta directamente ás liberdades cidadás e dereitos constitucionais de manifestación, reunión e folga.

“Tipifícanse como novos delitos a resistencia meramente pasiva da persoa nunha mobilización, ou difusión de mensaxes que “inciten” à alteración da orde pública.”

Tipifícanse como delito novas conductas como a resistencia meramente pasiva da persoa nunha mobilización, ou difusión de mensaxes que “inciten” à alteración da

orde pública.

Asímesmo, actitudes de supervivencia, como o hurto de alimentos, pasa a ser delito menor, sen ter en conta o importe, senón o animo de sustración.

A reforma robustece a figura de *autoridade*, que será aplicada tamén a persoal de vixiancia privada cando actúen baixo o mando das Forzas e Corpos de Seguridade.

Suprímense todas as faltas, que pasan a ser delitos leves ou directamente sancións administrativas.

E neste punto, a nova lei proposta de Seguridade Cidadá pecha o círculo. As antigas faltas contra a ‘orde pública’ converteranse en *sancións administrativas*, onde a Administración é xuíza e parte, coa conseqüente redución de garantías e dereitos fundamentais, sumado ao pago de taxas no caso de querer recorrer xudicialmente as multas (en penal non hai taxas). Unha represión de baixa intensidade, máis silenciosa e sutil que as porras pero disuasoria da mobilización social, baseada no medo ás ‘represalias’ e ultra-controladora da presenza na rúa, a coñecida *buro-represión*.

Menos mal, que perante a *buro-represión* xa naceu a *buro-resistencia*.

